

Declaración institucional do día internacional da eliminación da violencia de xénero

O 25 de novembro foi declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, instando a gobernos, organizacións non gobernamentais e á sociedade civil no seu conxunto a planificar e desenvolver accións de sensibilización ao respecto da situación de violencia vivida por moitas mulleres.

Desde un nivel conceptual ás violencias machistas son todas aquelas formas de violencia que se dan no contexto dunha sociedade patriarcal, que outorga privilexios aos homes polo feito de ser homes, restando en consecuencia dereitos ás mulleres, dando así lugar a unha diversidade de violencias e desigualdades: estruturais; económicas; psicolóxicas; sexuais; institucionais etc. Neste marco, a noción de violencia de xénero fai referencia a toda aquela forma de violencia que sofren as mulleres polo feito de serlo. Baixando á definición dada pola Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia de xénero sería "(...) calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada".

Se ben é certo que temos dados pasos adiante como sociedade para facer visíbeis ás violencias machistas, atendendo aos datos de feminicidios cometidos nos últimos anos temos de afirmar que aínda hai moito traballo por facer. É, polo tanto, imprescindible continuar o traballo de forma coordinada, rachando co silencio e apostando pola sensibilización da sociedade e a prevención, contribuíndo á toma de conciencia sobre a magnitude da violencia contra as mulleres, e as consecuencias que ten nas súas vidas e na das súas fillas e fillos.

Desde o mes de marzo deste 2020, ano marcado polas terríbeis consecuencias da pandemia mundial da COVID-19, temos de facer referencia ao impacto que as condicións de limitacións teñen nas mulleres que están vivindo en condicións de violencia, convivindo cos seus agresores .

Se ben é certo que os datos indican un descenso no número de denuncias e tamén das ordes de protección non podemos caer no erro de pensar que a situación mellorou, a dramática realidade é que os agresores teñen controlada completamente á vítima.

Os informes oficiais do primeiro semestre do ano indican que houbo un incremento do 30% nas beneficiarias de axudas económicas, que o número de consultas no teléfono de atención a vítimas se incrementou un 35% e tamén que as consultas aos CIM aumentaron nun 16%. A maioría destas consultas teñen a ver con atención psicolóxica, acceso a recursos asistenciais e ordes de protección.

É clave aumentar os recursos dispoñíbeis para a atención a mulleres en situación de violencia de xénero, introducir as reformas necesarias que contribúan a aumentar a protección e que se favoreza unha maior axilidade no acceso a recursos de apoio e

asistencia.

O impacto económico desta crise sanitaria tamén ten especial impacto en relación ás oportunidades das mulleres vítimas de violencia de xénero, non debemos obviar que os sectores laborais máis afectados pola crise, o pequeno comercio, hostalaría, restauración, cultura, formación ou servizos socio-educativos, están especialmente feminizados, isto incrementa o risco de exclusión social, e ven supoñer unha barreira, aínda maior, para as mulleres.

Desde a Deputación da Coruña queremos expresar o seguinte:

Rexeitamos de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade. Desde esta institución comprometémonos a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.

Reafirmamos o noso compromiso para continuar traballando na creación e dinamización dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e na erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, coa Deputación da Coruña, e coa sociedade no seu conxunto.

Comprometémonos a seguir avanzando na introdución da transversalidade de xénero nas políticas propias desta institución.